

TRIPS (*Frankliniella occid*, *Drepanotrips reuteri*).

-Control químico:

Acrinacrin<sup>10</sup>

Metiocarb<sup>9</sup>

Spinosad

Restricións ás substancias activas:

<sup>9</sup> Máximo unha aplicación ao ano, ata a floración.

<sup>10</sup> Só autorizado en parras de vide.

MOSQUITO VERDE (*Empoasca flavescens*).

-Control químico:

Acrinacrin<sup>10</sup>

Clorpirifos

Flufenoxuron

Imidacloprid

Restricións ás substancias activas:

<sup>10</sup> Só autorizado en parras de vide.

MELAZO (*Pseudococcus c.*)

-Control químico:

Clorpirifos

Imidacloprid

Metil clorpirifos

PIRAL (*Sparganothis pilleriana*).

-Control químico:

Clorpirifos

Flufenoxuron

Indoxacarb

Spinosad

Tebufenocide

VERMES GRISES (*Agrostis spp.*).

-Control químico:

Clorpirifos

ALTICA (*Haltica amelophaga*).

-Control químico:

Clorpirifos

Spinosad

PULGÓNS (*Aphis gossypii*).

-Control químico:

Imidacloprid

VESPERUS.

Control químico

Clorpirifos

Metil Clorpirifos

GURGULLOS.

-Control químico:

Clorpirifos

Metil Clorpirifos

ÁCARO DA ROÑA.

-Control químico:

Xofre (só mediante empoamento).

ERINOSE.

-Control químico:

Spiroclorfen<sup>11</sup>

Xofre (só mediante empoamento).

Restricións ás substancias activas:

<sup>11</sup> Non autorizado en parras de vide.

CERATITE.

-Control químico:

Captura masiva de adultos

### Bacterias

NECROSE BACTERIANA (*Xylophilus a*).

-Control químico:

Hidróxido cúprico

Oxicloruro de cobre

Óxido cuproso

Sulfato cuprocálcico

### Apéndice IV. Substancias activas autorizadas en herbicidas

Tipo de acción	Produtos
Foliares	Glifosato Cicloxadim Oxadiazon Quizalofop-p
Remanentes	Napropamida Orizalina Diflufenican + Glifosato

### CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 22 de abril de 2010 pola que se fixa o importe do crédito dispoñible na convocatoria de 2010 para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, convocadas pola Orde do 27 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento da súa concesión (con financiamento do Fondo Europeo de Pesca).

A Orde do 27 de agosto de 2009 (DOG nº 175, do 7 de setembro) establece as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira e procede á convocatoria para o ano 2009 (con financiamento do Fondo Europeo de Pesca).

O artigo 10 da citada orde establece que a presentación das solicitudes mantense aberta ata o 30 de setembro de 2012, establecéndose no mesmo os períodos anuais de resolución.

O artigo 9 da citada orde determina o crédito orzamentario con cargo ao cal se financia a concesión de axudas,

establecendo no seu punto 4 o importe para o ano 2009 e no 5, que a contía de anos sucesivos ata 2013, realizárase por orde anual que determinará os seus importes.

Aprobados os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010 pola Lei 9/2009, do 23 de decembro, compré facer pública a contía do crédito orzamentario destinados a facer fronte a ditas axudas.

Para tal obxecto, esta consellería

### DISPÓN:

#### Artigo 1º.-Crédito orzamentario de 2010.

O crédito orzamentario para as solicitudes de axuda tramitadas durante o exercicio do ano 2010 e a plurianualidade asociada ás axudas que poidan concederse neste acada o importe de once millóns novecentos noventa e sete mil catrocentos corenta euros (11.997.440 euros), repartidos nas seguintes anualidades e partidas orzamentarias:

Partida orzamentaria	Ano 2010	Ano 2011	Ano 2012
14.04.723B.770.0	3.626.165 €	2.538.315 €	2.175.699 €
14.04.723B.780.0	1.979.987 €	1.001.687 €	675.587 €
Totais	5.606.152 €	3.540.002 €	2.851.286 €

As axudas financiaranse con cargo a fondos do FEP (61%), fondos do Estado (19,5%) e fondos da Comunidade Autónoma de Galicia (19,5%).

#### Artigo 2º.-Ampliación de crédito.

A contía establecida no artigo anterior para a anualidade 2010 poderá ser incrementada na cantidade resultante das incorporacións de créditos remanentes doutros exercicios, unha vez realizada esta pola Consellería de Facenda.

#### Artigo 3º.-Concesión das axudas.

A concesión de axudas quedará limitada, en todo caso, ás disponibilidades orzamentarias.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2010.

Rosa María Quintana Carballo  
Conselleira do Mar

## ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

*Resolución do 30 de abril de 2010 pola que se convocan tres cursos prácticos na loita contra incendios.*

Dentro das actividades programadas para o ano 2010 e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a convocatoria de tres cursos prácticos na loita contra incendios, conforme as seguintes bases:

#### Primeira.-Datos da actividade.

Denominación: curso práctico na loita contra incendios.

Horas lectivas: 20.

Modalidade: presencial.

Obxectivos: dotar o persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, a que se refire o artigo 43 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, da formación necesaria para o exercicio da súa función conforme o establecido no artigo 46 desta lei.

Contido.

Neles trataranse os seguintes temas:

1. Equipos de protección térmica.
2. Extinción de incendios clase A-B.
3. Manexo de equipos ERA.
4. Rede contra incendios:

a) Conexión/desconexión; tendido/pregado.

b) Construción de liñas de extinción con manguerías de diferentes tipos e diámetros, liñas de distribución, protección e ventilación. Montaxe de diferentes sistemas de xeración de espuma. Manexo de diferentes clases de espumóxeno, con indicación das súas vantaxes e inconvenientes.

c) Prácticas estáticas con presión de auga, e adestramento na composición de equipos de extinción.

5. Módulo de igualdade de oportunidades.

Segunda.-Desenvolvemento da convocatoria.

Destinatarios/as: os cursos van dirixidos aos profesionais e voluntarios dos servizos de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de persoal voluntario deberán ter realizado o curso básico de protección civil e o curso sobre prevención e loita contra incendios urbanos e forestais antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes. Non poderá optar ao curso o persoal que realizara con anterioridade o curso de especialización contra incendios organizado pola Agasp e desenvolvido na sede do Centro de Instrución e Seguridade Interior da Armada (CISI) en Ferrol.

Prazas ofertadas: 20 prazas por curso.

Terceira.-Solicitudes de participación.

Prazo de inscrición e presentación: o prazo de inscrición e presentación de solicitudes de participación rematará o día 30 de maio. Para inscribirse os solicitantes cubrirán a solicitude de participación que se encontra na páxina web da Agasp <http://agasp.xunta.es>, na alínea «Actividades formativas», «cursos con inscrición aberta» (non serán admisibles outros modelos de solicitude) e remitirana telematicamente. Esta mesma solicitude, unha vez remitida a través da web, deberán imprimila, asinala a/o solicitante e obter tamén a sinatura da autoridade do concello ou organismo de que dependan, e enviála á Academia Galega de Seguridade Pública; avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, a través do fax 886 20 61 23,